

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA: "EQUIPO DE COMPOSTEIR@S"

ETAPA	EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEL	1º e 2º de primaria
ÁREA/S	Lingua galega e castelá, valores, matemáticas, ciencias naturais e sociais.	MESTRES	Silvia

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

O obxectivo principal será coñecer e investigar sobre as boas prácticas da compostaxe e recollelas nunha infografía realizada a internivel dende infantil ata primaria. Esta infografía está destinada para o Concello de Tui. No caso de 1º e 2º, os alumnos realizarán as ilustracións para apoiar dita información.

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Dende un enfoque globalizado, a tarefa incorporará saberes das áreas de lingua galega e castelá, matemáticas, valores e ciencias sociais e da natureza. Trátase de dinamizar o composteiro do colexio dende as diferentes aulas e dótalas dun cubo destinado a tal fin, concienciando ao alumnado dos beneficios desta práctica así como da súa utilidade para o horto do colexio, adquirindo o concepto de REUTILIZAR e relacionando coa anterior tarefa sobre a RECICLAXE.

CONTEXTO:

Realizarase no ámbito de aprendizaxe NATURAL E SOCIAL.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
<p>1.- Repasamos o Caderno de Equipo e asignamos os novos roles e redactamos os novos compromisos persoais. (Este traballo o realizaremos en gran grupo co modelado da mestra).</p>	<p>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>LISTA DE COTEXO</p>	<p>CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p> <p>Análise do CADERNO DE EQUIPO</p>	<p>LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.</p>
<p>2.- MOTIVACIÓN INICIAL. Levarase a aula unha garrafa transparente con materiais secos de descomposición lenta e materiais húmidos de descomposición rápida válidos para aprender a elaborar un correcto compost e incluír no composteiro, provocando inquietudes no alumnado.</p>	<p>CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p> <p>Análise do CADERNO DE EQUIPO</p>	<p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.</p>	<p>VSCB2.2.2. Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>
<p>3.- Círculo. Realizamos a rutina de pensamento: Vexo, penso e pregúntome (Soporte 1). A partir do exemplar do experimento de compost. Realizaremos preguntas: Coñeces o termo Reutilizar? Que é? Que reutilizades na casa? que saben sobre a compostaxe, que hai na garrafa e que queren saber, para que serve, por que debemos compostar... Por quendas de palabra os alumnos van aportando opinións sobre o que ven, o que saben, que queren saber... todas estas aportacións verbais vanse escribindo</p>	<p>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>LISTA DE COTEXO</p>	<p>CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.</p> <p>Observación e rexistro anecdótico.</p>	<p>LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.</p> <p>Observación e rexistro anecdótico.</p>

<p>na rutina de pensamento.</p>			
<p>4.- Visionamos un vídeo para percibir o por que e para que serve compostar, reflexionando sobre as preguntas anteriores.</p>	<p>LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>	<p>CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.</p> <p>Observación e rexistro anecdótico.</p>	<p>CSB2.1.2 Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.</p> <p>CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>
<p>5.- COÑECEMOS O COMPOSTEIRO DO COLE. Presentamos una imaxe (soporte 2) que deben situar no centro. Trátase de saber onde está situado, que hai no seu interior e que deberíamos topar. Visitámolo e observamos os organismos vivos. Na aula falamos dos beneficios das especies que hai no seu interior (soporte 3 imaxes de especies).</p>	<p>LGB1.2.1. Comprende información relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.</p>	<p>CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p> <p>Análise do CADERNO DE EQUIPO</p>	<p>LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>
<p>6.- A través dun vídeo subtitulado axudamos ao alumnado a comprender a importancia da creación do compost e como son os pasos que debemos seguir. Para concluír, forman un mapa mental (soporte 4) e o ciclo da materia orgánica (soporte 5).</p>	<p>CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>	<p>CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>	<p>LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>

<p>7.- Avaliación do proceso: observados os grupos, analizamos como desempeñamos os nosos cargos e se tentamos conseguir o noso compromiso. Abordamos os comportamentos axeitados e as posibles melloras de cara a realización das tarefas favorecendo o traballo cooperativo, atallando posibles conflitos. E avaliamos o desenvolvemento das tarefas feitas a través do panel SCRUM (soporte 6).</p>	<p>LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.</p> <p>LISTA DE COTEXO</p>	<p>VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.</p> <p>Análise do CADERNO DE EQUIPO</p>	<p>VSCB2.2.2. escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>
<p>8.- QUE PODO COMPOSTAR E QUE NON PODO COMPOSTAR? Sentados en círculo facemos unha posta en común sobre o aprendido. Recordamos os MATERIAIS APTOS PARA COMPOSTAR a través dun xogo con imaxes no que o alumnado fará unha clasificación de materiais aptos para o composteiro e materiais non aptos (soporte 7).</p>	<p>LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>	<p>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>LISTA DE COTEXO</p>	<p>LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p>
<p>9.- COMO COMPOSTAR? Por grupos realizan tres tarefas encamiñadas a coñecer os termos: nitróxeno e carbono, os coidados do compost e as ferramentas a empregar (soportes 8, 9 e 10).</p>	<p>CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>	<p>CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>	<p>LGB1.7.1. Aмосa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.</p> <p>ESCALA DE VALORACION</p>
<p>10.- EXPERIMENTO: Observaremos como evolucionou o compost que mostramos na sesión anterior. En gran grupo elaborarán o seu propio nunha garrafa transparente, tendo en conta o aprendido e os pasos a seguir, poñendo</p>	<p>LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.</p> <p>LISTA DE COTEXO</p>	<p>MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.</p>	<p>CNB3.1.3. Aмосa condutas de respecto e coidado cara os seres vivos.</p> <p>LISTA DE COTEXO</p>

en práctica os coñecementos adquiridos. E coñeceremos os novos contedores para compostar e a bolsa biodegradable.		LISTA DE COTEXO	
11.- Elaboramos imaxes para a nosa guía.	EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto. ESCALA DE VALORACION	LGB1.7.1. Aмосa respecto ás ideas dos demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo. ESCALA DE VALORACION
12.- AVALIACIÓN: en gran grupo avaliamos os cargos que cada un desempeñou e reflexionaremos sobre o compromiso. E rematamos cubrindo o Plan de Traballo (panel SCRUM, SOPORTE 11).	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. LISTA DE COTEXO	VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente que e como aprendeu. LISTA DE COTEXO	VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos. Análise do CADERNO DE EQUIPO
3.TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)			

ACTIVIDADES	EXERCICIOS 1	EXERCICIOS 2	EXERCICIOS 3	EXERCICIOS 4
1. Asignamos os novos roles (soamente a semana 1) e redactamos os novos compromisos persoais, nos soportes de cargos e compromisos.	1. 1. En gran grupo recordamos as función dos roles do equipo e pegar no caderno de Equipo o novo cargo de cada membro.	1.2. En Gran grupo cada neno/-a co modelado da mestra pensa xunto cos membros do seu equipo, compromisos para esa semana que axuden a que o equipo funcione mellor.	1.3. Cubrir o Caderno de Equipo.	
2.- MOTIVACIÓN INICIAL. Provocamos inquietudes no alumnado observando os materiais secos e húmidos que hai	2.1.- Atender e observar o compost presentado.	2.2.- Identificar algúns dos seus compoñentes.	2.3.-Expoñer aos compañeiros as súas ideas.	2.4.- Respetar a quenda de palabra e as opinións dos demais.

nunha garrafa transparente para aprender a elaborar un correcto compost.				
3.- Círculo. Realizamos a rutina de pensamento: Vexo, penso e pregúntome (soporte 1). Partindo da recreación, nunha garrafa transparente, dun exemplar de compost.	3.1.- Facemos un círculo. A persoa facilitadora (Mestra) ten una palabra obxectivo REUTILIZAR, lanza a pregunta e os discentes aportan as súas ideas.	3.2.- Este círculo ten o obxectivo de que os nenos coñezan as tres R: Reutilizar, Reciclar e Reducir. Polo que relacionamos este novo tema co xa tratado (o reciclaxe).	3.3.- Temos a intención de que o alumnado verbalice e explique o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.	3.4.- Respetar a quenda de palabra e as opinións dos demais.
4.- A través dun vídeo reflexionamos sobre por que e para que se debe compostar.	4.1.- Expoñer aos compañeiros as súas ideas sobre o proposto.	4.2.- Esperar a quenda e escoitar activamente.	4.3.- Respetar as opinións dos demais.	
5.- Ver imaxe do composteiro (soporte 2) do colexio, localízalo e visítalo para posterior observación dos organismos que habitan nel (soporte 3).	5.1.- Observar a imaxe dada. Identificar o obxecto e localízalo.	5.2.- Participar de forma activa dando opinións.	5.3.- Escoitar activamente e esperar a quenda.	5.4.- Observación dalgún organismo vivo. Para posteriormente, falar deles na aula, identificamos os que vemos e con soportes fotográficos explicamos os que debería haber, pero se manteñen agochados.
6.- A través dun vídeo subtulado o alumnado comprende a importancia da creación do compost e os pasos a seguir. Forman un mapa mental e comprenden o ciclo da materia orgánica (soportes 4 e 5).	6.1.- Ler a información dada no soporte audiovisual e analízala.	6.2.- Comprender a información dada para usala no mapa mental.	6.3.- Esforzarse por completar as tarefas.	6.4- Aportar información e participar de forma activa dando opinións sobre o que que xa saben nunha posta en común.
7.- Avaliación do proceso, favorecendo o traballo cooperativo propoñendo melloras e acompañamento emocional ante posibles conflitos. e	7.1.- Recordar como se deben executar as funcións do noso cargo. Y esforzarse por cumprir o compromiso individual de cada membro.	7.2.- Suxerir propostas de mellora para favorecer o traballo cooperativo.	7.3.- Facilitar acompañamento emocional ante posibles conflitos.	7.4.- Avaliar as tarefas feitas a través do panel SCRUM.

avaliamos o plan de traballo co PANEL SCRUM (soporte 6).				
8.- QUE PODO COMPOSTAR E QUE NON PODO COMPOSTAR? a través dun xogo con imaxes o alumnado fará unha clasificación de materiais aptos e materiais non aptos para o composteiro.	8.1.- Clasificar as imaxes dadas que se poden compostar e non compostar.	8.2.- Observar e rectificar en caso de erro.	8.3.- Aportar información aprendida.	8.4.- Respetar as decisións do demais dando a oportunidade de reflexionar.
9.- COMO COMPOSTAR? (soportes 8, 9 e 10).	9.1.- Comprender a diferenza entre materia seca (carbono) de descomposición lenta e materia húmida (nitróxeno) de descomposición rápida.	9.2.- Saber e aprender os coidados do compost no composteiro.	9.3.- Aprender as ferramentas e os seus usos.	9.4.- Aprender os pasos para crear un bo compost.
10.- EXPERIMENTO: Creación dun composteiro.	10.1.- Observaremos como evolucionou o compost que mostramos na sesión anterior.	10.2.- En gran grupo elaborarán o seu propio nunha garrafa transparente, tendo en conta o aprendido e os pasos a seguir, poñendo en práctica os seus coñecementos.	10.3.- E coñeceremos os novos contedores para compostar e a bolsa biodegradable.	10.4.- Participación i escoita activa.
11.- Elaboramos imaxes para a nosa guía.	11.1.- Seleccionar a información tendo en conta os seguintes criterios: <i>1ª semana</i> : que se pode ou non se pode botar no composteiro, <i>2ª semana</i> : cantidade de restos vexetais (secos e húmidos) que debemos pór, <i>3ª semana</i> : rego e humidade do compost, <i>4ª semana</i> : proceso de aireación do composteiro.	11.2.- Deseñar debuxos para a guía tendo en conta os criterios segundo modelado da mestra.	11.3.- Poden completar a información con información escrita.	11.4.- Ser limpos, ordenados, coidadosos, colorear correctamente participando todo o equipo.
12.- <u>Avaliación</u>: en gran grupo	12.1.- En círculo analizaremos e	12.2.- En gran grupo	12.3.- Nos equipos cubriremos	12.4.- Cubrimos panel

dos cargos e dos compromisos. Cubrir a folia de avaliación do caderno. E plan de traballo no panel SCRUM (soporte 11).	reflexionaremos sobre o desempeño dos cargos nos equipos e os seus compromisos persoais.	abordaremos as dificultades atopadas, resolución de problemas xurdidos e propostas de mellora.	o diario de sesións e o caderno de equipo.	SCRUM e analizamos dificultades, melloras e temporalización.
3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)				

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPO
1. Asignamos os novos roles (soamente a semana 1) e redactamos os novos compromisos persoais, nos soportes de cargos e compromisos.	Aula	Gran grupo, pero divididos en equipos individuais.	Follas de compromisos e asignación de roles do Caderno de Equipo.	15 min. Martes 9.30- 9:45.
2.- MOTIVACIÓN INICIAL. Provocamos inquietudes no alumnado observando os materiais secos e húmidos que hai nunha garrafa transparente para aprender a elaborar un correcto compost.	Aula	Gran grupo.	Garrafa con residuos Expresión oral	5 min. Martes 9:45- 9:50
3.- Círculo. Realizamos a rutina de pensamento: Vexo, penso e pregúntome (soporte 1). Partindo da recreación, nunha garrafa transparente, dun exemplar de compost.	Aula	Gran grupo.	Soporte 1: Panel vexo, penso e pregúntome.	10 min. Martes 9:50- 10:00
4.- A través dun vídeo reflexionamos sobre por que e para que se debe	Aula	Gran grupo	Vídeo	10 min. Martes 10:10- 10:20

compostar.				
5.- Ver imaxe do composteiro (soporte 2) do colexio, localizalo e visitalo para posterior observación. E falamos dos organismos vivos (soporte 3) do composteiro e os seus beneficios.	Aula e patio do centro	Gran grupo	Soporte 2: Imaxe do composteiro Composteiro do centro Soporte 3: Imaxes dos organismos vivos Exemplares de organismos vivos	20 min. Martes 10:20- 10:40
6.- A través dun vídeo subtitulado o alumnado comprende a importancia da creación do compost e os pasos a seguir. Forman un mapa mental e comprenden o ciclo da materia orgánica (soportes 4 e 5).	Aula	Gran grupo Equipo base	Vídeo Soporte 4: Mapa mental Soporte 5: Ficha ciclo da materia	30 min. Martes 10:40- 11:10
7.- Avaliación do proceso, propoñendo melloras e avaliando as tarefas co panel SCRUM (soporte 6).	Aula	Gran grupo	Soporte 6: Panel SCRUM do martes Expresión oral	20 min. Martes 11:10- 11:30
8.- QUE PODO COMPOSTAR E QUE NON PODO COMPOSTAR? a través dun xogo con imaxes o alumnado fará unha clasificación de materiais aptos e materiais non aptos para o composteiro.	Aula	Gran grupo	Soporte 7: Clasificación da materia orgánica	10 min. Xoves 9:30- 9:40
9.- COMO COMPOSTAR? (soportes, 8, 9 e 10).	Aula	Gran grupo Equipo base	Soporte 8: Os mellores residuos Soporte 9: os coidados do compost	30 min Xoves 9:40- 10:10

			Soporte 10: as ferramentas e pasos no composteiro.	
10.- EXPERIMENTO: Creación dun composteiro.	Patio cuberto do centro	Gran grupo	Garrafa transparente Materiais aptos para compostar: materia seca e húmida, terra, organismos vivos...	20 min. Xoves 10:10- 10:30
11.- Elaboramos imaxes para a nosa guía.	Aula	Equipo base	Folios, cores, pegamento, tesoiras, goma e lapis.	40 min Xoves 10:30- 11:10
12.- <u>Avaliación</u>: en gran grupo dos cargos e dos compromisos. Cubrir a folia de avaliación do caderno e panel SCRUM.	Aula	Gran grupo	Follas de autoavaliación cargos e compromisos (CADERNO DE EQUIPO) Soporte 11: Panel SCRUM do xoves	20 min. Xoves 11:10- 11:30

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

LISTA DE COTEXO	SI	NON
LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.		
CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara os seres vivos.		
LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.		
LCB1.1.1. Expressa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.		
LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.		
MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.		
VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente que e como aprendeu.		

ESCALA DE VALORACIÓN				
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	NADA	POUCO	SUFICIENTE	MOITO
LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.				
LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.				

CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.				
CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.				
LGB1.7.1. Aмосa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.				
CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.				
EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.				
VSCB2.2.2. escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.				
CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.				

ALUMNO/-A:

OBSERVACIÓNS:




SOPORTE 1: VEXO, PENSO E PREGÚNTOME.



RUTINAS DE PENSAMENTO

VEXO, PENSO, PREGÚNTOME

CEIP PLURILINGÜE
E DIXITAL 
NI TUI

SOPORTE 2: IMAXE COMPOSTEIRO




SOPORTE 3: IMAXE ORGANISMOS VIVOS



BACTERIAS

SON OS PRIMEIROS ACTORES NA DESCOMPOSICIÓN, DEGRADANDO NOTABLEMENTE OS COMPOSTOS DE NITRÓXENO.



FUNGOS



COCHINILLAS

ADEMÁIS DE MATERIA ORGÁNICA EN DESCOMPOSICIÓN, PODEN COMER OS SEUS PROPIOS EXCREMENTOS E OS DE OUTROS ORGANISMOS. DESTA MANEIRA, APROVEITAN MOITO OS RESTOS E ACELERAN A SÚA TRANSFORMACIÓN, O QUE AXUDA A CONSEGUIR COMPOST EN POUCO TEMPO, E DE MOI BOA CALIDADE. SON MOI POUCO ESIXENTES NAS CONDICIÓN QUE NECESITAN PARA VIVIR, PRECISANDO SÓ HUMIDADE E ESCURIDADE. TANTO COMEN RESTOS FRESCOS COMO OS QUE LEVAN MÁIS TEMPO NO COMPOSTADOR, O QUE PERMITE QUE SE REPARTAN POR TODO O CONTIDO DO MESMO.



LESMA



CARACOL

OS CARACOIS E LESMAS, ESTÁN PRESENTES NO COMPOST DEBIDO A ALTA HUMIDADE. FRAGMENTAN OS RESIDUOS ORGÁNICOS, O QUE FACILITA O RESTO DO TRABALLO AOS FUNGOS E AS BACTERIAS.



MIÑOCA OU LOMBRIGA

AS LOMBRIGAS SON AS QUE MÁIS IMPORTANCIA TEÑEN E OS QUE MÁIS CONTRIBUEN A DESCOMPOSICIÓN DA MATERIA ORGÁNICA. CONSTITUEN A 1.ª BIOMASA ZOOMASA DO CHAN.


É MOI VORAZ, CHEGANDO A COMER ATA O 90% DO SEU PROPIO PESO POR DÍA. DISTO, EXCRETA ENTRE O 50 E 60% CONVERTIDO NUN NUTRIENTE NATURAL DE ALTÍSIMA CALIDADE, COÑECIDO COMO LOMBRICOMPOSTO OU HUMUS DE LOMBRIGA.




LARVAS

AS LARVAS SON MOI VORACES E REALIZAN UNHA RÁPIDA FRAGMENTACIÓN DOS RESIDUOS DO COMPOST. PÓDESE ATOPAR LARVAS DE MOSQUITOS E MOSCAS (COR BRANCO E PEQUENO TAMAÑO) E LARVAS DE ESCARAVELLO VERDE (BRANCAS E GRAN TAMAÑO).

SOPORTE 4: MAPA MENTAL



SOPORTE 5: CICLO DA MATERIA



SOPORTE 6: PANEL SCRUM

	PENDENTE	EN CURSO	FEITO		
CARGOS E COMPROMISOS					
OBSERVACIÓN GARRAFA					
ANALIZAR INFORMACIÓN VÍDEO					
MAPA MENTAL E CICLO DA MATERIA					
AVALIAR A XESTIÓN DO TRABALLO					
				DIFICULTADES	NON PLANIFICADO

SOPORTE 7: Clasificación da materia orgánica: MATERIAIS COMPOSTABLES E NON COMPOSTABLES

NOME.....

RESIDUOS COMPOSTABLES	RESIDUOS NON COMPOSTABLES



RESTOS DE FRUTAS E VERDURAS



RESTOS DE FLAMBRE



RESTOS DE PAN



RESTOS DE BOCADILLO



RESTOS DE QUEJIDO



PLÁSTICOS



CASCA DE OVO

MONDA DE PLÁTANO



RESTOS DE CARNE



FOLLAS SECAS



RESTOS DE PEIXE



RENDIX DE LARANXA



ÓSOS DE FRUTOS



RAMAS SECAS



VIDRO



CHOCOLATE




SOPORTES 8, 9 E 10: 3 ACTIVIDADES

SOPORT 8: OS MELLORES RESIDUOS


Os mellores residuos...

Rodea coa cor verde os materiais que podes compostar e risca cunha cruz vermella os que NON debes utilizar.



VERDE OU MARRÓN...

Colorea de verde os residuos que conteñan moito nitróxeno e de cor marrón os residuos con moito carbono.



Que residuos escollerías para que a túa composta sexa a mellor? Colorea dous materiais altos en nitróxeno (N) e dous altos en carbono (C).

(N) (C)

SOPORTE 9: OS COIDADOS DO COMPOST

Como cuidar o noso compost, o ABC:

A

TUDO
TROCEADO
EN TROZOS DE
5 - 10 CM

B



C

SOPORTE 10: AS FERRAMENTAS E PASOS NO COMPOSTEIRO.

1. Relaciona cada ferramenta co seu nome e uso:



Trocas de poda	Regadouro	Selas biodegradables	Furcin	Airador	Quentas
----------------	-----------	----------------------	--------	---------	---------


Úsase para almacenar a materia orgánica verde.	Úsase para cortar os anacos da materia que engadimos ó compost e para podar ou cortar calquera vexetal do xardín.	Axuda a remover a materia do compost cada semana.	Serve para manter a humidade do compost.	Protexen as mans.	Serve para cubrir as partes máis grosas do compost e obter un abono máis fino e fácil de almacenar.
--	---	---	--	-------------------	---

Sabendo isto... Que tes que facer? Como debes coidar e manter o compost?

A túa misión é manter as condicións axeitadas e cumprir o ABC do compost.

A:	Remover e aircar a materia do compost.
B:	Aportar restos vexetais.
C:	Manter a humidade no interior do composteiro.

2. Repasa e indica como elaborar o teu propio compost partindo dun composteiro balcior.
 Revisa e comproba se falta algún paso. se é así indícaa.



SOPORTE 11: Panel SCRUM

	PENDENTE	EN CURSO	FEITO		
REALIZAR 3 ACTIVIDADES SOBRE O COMPOST					
CREACIÓN DUN COMPOSTEIRO					
FACER DEBUXOS PARA A GUÍA					
VALORACIÓN CARGOS E COMPROMISOS					
				DIFICULTADES	NON PLANIFICADO